

68c

“Maruxiña, Maruxiña
oxe veñoche pedir-e
de tanto como che quero
sin ti non podoo vivir.”

“Pois por muito que me queiras
moito más che eu quero a ti
todo o día e toda a noite
sempre estou pensando en tí.”

“Pois ahora Mariquiña
tranquila podes estar
porque se teu pai nos deixa
pronto nos imos casar.”

“Por meu pai non hai coidado
o mais malo é miña nai,
xa dixoo que me mataba
antes de deixarme casar.”

“Miña nai xa ven aquí
está metendo no ghando
fálalle con coidadiño
que ten un xenio moi malo.”

“Boas tardes miña soghra
véñolle pedi-la filla
se ma da séntome un pouco
se non márchome axiña.”

“Eu a filla no cha dou-e
non teño que che facer
que ti és moi folghazán
e non ma sabes manter.”

“Eu téñolle un bo oficio
xa sabe que son ghaiteiro
e ando de festa en festa
ghanando moito diñeiro.”



“A tua ghaita Farruco
ten a miña filla tola
que non come nin traballa
sempre pensando na boda.”

“Pois pra poñela tranquila
hai que deixala casar
e despois de casadiña
ghaita non lle ha de faltar.”

Arreghlaron os papeles
trataron o casamento
ó cabo dos poucos días
casaronse moi contentos.

Cando salino da ighlesia
dixoll'a pobre rapaza
“Farruco se non reselas
hasme d'enseñá-la ghaita.”

“Muller esper'on pouquiño
porque ia teño ghardada
xa ma verás pola noite
qu'hei tocar na fouliada”

e seghún viña a noite
a mosa non s'olvidaba
botoull'a vist'ó punteiro
xa dixu que lle ghustaba.

“Pois se che ghusta rapasa
ghaita non ch'ha de faltar
tod'o día tod'a nuite
xa t'encherás de bailar”

“O máis mal'é a barrigha
que hai pouco que comer
pero tocando na ghaita
podémo-nos distraer.”